

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A moura do Castelo de Meira

Contan os vellos que na noite de San Xoán no castelo de Meira (castelo que aínda conserva o nome malia que foi derrubado na II Guerra Irmandiña), en Meira de Arriba, concello de Moaña (Pontevedra), aparecíase unha moura a todo aquel que frecuentaba o lugar.

Esta moza moura, que se peiteaba cun peite de ouro, sacara a sollar os seus tesouros nunha gran saba. Ao campesiño que por alí pasara ofrecíalles sempre e cando voltase ao día seguinte e, vise o que vise, sentise o que sentise, non debía fuxir nin ter medo. Daquela, o tesouro sería seu.

O campesiño volvía ao día seguinte mais, ao achegarse, un gran penedo rolaba cara el poñéndoo no risco de esmagalo. Fuxía, entón, despavorido do lugar; da moza e do tesouro nunca máis soubo.

Existe outra versión na que cando o mozo se achega, a moza convértese nunha serpe que o ameaza polo que o mozo tamén foxe e perde a posibilidade de conseguir o tesouro.

[Lenda remitida por Soledad Ríos Santomé, de Moaña (Pontevedra)]